



Praza do Concello, 1  
15841 Santa Comba (A Coruña)  
Tlfs: 981 880 075  
Web: [www.santacomba.es](http://www.santacomba.es)  
eMail: correo@santacomba.dicoruna.es

## DECRETO DA ALCALDÍA

**ASUNTO:** XUNTA GOBERNO LOCAL SESIÓN ORDINARIA 20250211

**EXPEDIENTE:** 2025/G003/000218

**EXPEDIENTE:** 2025/G007/000003

De acordo co decreto da alcaldía núm. 899/2023 de data 26 de xuño de 2023, a Xunta de Goberno Local celebra sesións ordinarias o segundo e cuarto martes de cada mes ás 9:30 horas (nove e media da mañá).

Enterado da relación de expedientes e logo de ver os artigos 81, 82.1 e 113 do ROF e preceptos concordantes;

## RESOLVO

**Primeiro.-** Convocar a sesión **ORDINARIA** da Xunta de Goberno Local o día **11 DE FEBREIRO DE 2025 (martes)**, ás **09:30 horas (nove e media da mañá)**, na sala de xuntanzas da alcaldía da Casa do Concello, en primeira convocatoria e, de non haber "quorum" suficiente, en segunda convocatoria unha hora despois, coa seguinte

## ORDE DO DÍA

### ASUNTO/S

#### 1.- APROBACIÓN ACTA/S SESIÓN/S ANTERIOR/ES:

- ORDINARIA núm. 2025/02, do 28 de xaneiro de 2025

#### 2.- LICENZAS DE OBRA.

a) Expediente nº: 2024/U022/000036

Promotor: Isabel Ares Blanco

Obra: "PROXECTO BASICO E DE EXECUCION DE REHABILITACION E AMPLIACION DE VIVIENDA UNIFAMILIAR"

Situación: Pereira. Vilamaior

Licenza de obra nº: 2/25

b) Expediente nº: 2024/U022/000041

Promotor: María Jesús Maroñas Barbeira

Obra: "PROXECTO BÁSICO PARA CONSTRUCCIÓN DE GALPÓN AGRÍCOLA"

Situación: Ventosa

Licenza de obra nº: 3/25

c) Expediente nº: 2024/U022/000032

Promotor: OS CANLES S.C.

Obra: Construción de explotación de gando vacún de leite

Situación: Barbeira. Fontecada

Licenza de obra nº: 4/25

#### 3.- DAR CONTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL DOS EXPEDIENTES DE COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRA INFORMADOS FAVORABLEMENTE POLA TÉCNICO MUNICIPAL.

#### 4.- CORRESPONDENCIA OFICIAL E INFORMACIÓNS DA ALCALDÍA.

#### 5.- ROGOS E PREGUNTAS.

**Segundo.**- Pola secretaría levaranse a cabo os trámites necesarios para a notificación dos membros da Xunta de Goberno Local, que deseguido se relacionan, quedando notificado/s coa sinatura/remisión da notificación do presente decreto:

ALBERTO ROMAR LANDEIRA	PSdeG-PSOE	NOTIFICADO POLA POLICÍA LOCAL
NOELIA BALEATO TOJA	PSdeG-PSOE	REMITIDA POR CORREO ELECTRÓNICO
PATRICIA VAL ANTELO	PSdeG-PSOE	REMITIDA POR CORREO ELECTRÓNICO
PABLO NEGREIRA SOUTO	PSdeG-PSOE	REMITIDA POR CORREO ELECTRÓNICO
CARLOS TURNES ROMERO	PSdeG-PSOE	NOTIFICADO POLA POLICÍA LOCAL

A acta da sesión ordinaria núm. 2025/02, do 28 de xaneiro de 2025, foi remitida por escrito da secretaría asinado con data 29/01/2025, rexistro de saída núm. 202500000000295/29-01-2025.

Esta resolución notificase en cumprimento do artigo 40 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, coa indicación que:

Esta resolución, ao abeiro do art. 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, pon fin á vía administrativa e contra ela poderá optar por:

a) Interpor, con carácter potestativo, recurso de reposición perante este órgano, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da notificación da presente resolución, nos termos dos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

b) Con posterioridade á resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, ou directamente, poderá interporse recurso contencioso administrativo, ante os xulgados do Contencioso Administrativo no prazo de dous meses contados desde a resolución expresa do recurso de reposición ou 6 meses dende a súa resolución presunta. No caso de interporse o recurso contencioso-administrativo directamente, o prazo será de dous meses contados dende a notificación deste acto.

c) O recurso extraordinario de revisión, de acordo co art. 113 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou calquera outro que estime procedente.

Santa Comba, na data da sinatura dixital

O alcalde

Alberto RomarLandeira

Dou fe, a secretaria xeral

Cristina Alonso Losada